

ACTA NÚM. 8 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E OITO DE MAIO DE 2014.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas e trinta minutos** do día **vinde e oito de maio de 2014**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

CONCELLEIROS/AS:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Dona Cecilia Sierra Rey.
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.
Dona María Amelia González Brandariz.
Don José Luís García Bello.
Don Juan José de la Fuente Fuentes.
Dona María Castelao Torres.
Don Francisco Javier Noya Iglesias.
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.
Don Luís Meijide Rodríguez.
Don José María Rosende Rico.
Dona Mar Martín García.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muiños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.
Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Vicente Calvo del Castillo, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste o concelleiro Don Adrián Varela Sarandeses.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 24 de abril de 2014 (núm. 6/14).**
- 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do día 26 de abril de 2014 (núm. 7/14).**
- 3. Toma de coñecemento da aprobación definitiva da modificación puntual do catálogo do PXOM de Santiago de Compostela: corrección de erros na ficha D-070 (conxunto en Casal da Horta), creación da ficha D-070 bis (Pazo de Lermo) e incorporación ao catálogo dun elemento de interese etnográfico coa referencia F-134 (Pombal).**
- 4. Aprobación de crédito extraordinario núm. 2014-CREXT-01 para investimentos financiados con cargo a remanente de tesourería afectado.**
- 5. Propostas da concelleira delegada da área de servizos sociais e da concelleira de economía, emprego, comercio, mercados e turismo de modificación do anexo de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento para o exercicio 2014.**
- 6. Proposta do concelleiro delegado da área de mobilidade e seguridade, de distincións a membros da Policía Local.**
- 7. Proposición do grupo municipal socialista relativa ao proxecto de ampliación da AP-9.**
- 8. Proposición do grupo municipal socialista relativa á execución da sentenza núm. 00294/2014, do TSXG.**
- 9. Dar conta da liquidación do orzamento do ano 2013.**
- 10. Dar conta de informe de morosidade do ano 2013 e primeiro trimestre do ano 2014.**
- 11. Dar conta do marco orzamentario do concello anos 2014-2017.**

12. Dar conta da documentación remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas correspondente ao primeiro trimestre do exercicio de 2014, relativa ao seguimento do Plan de Axuste.

13. Dar conta de persoamentos, sentenzas e outras incidencias en recursos contencioso-administrativos.

14. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

15. Rogos e preguntas.

16. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Antes do turno de rogos e preguntas, trátase o seguinte asunto:

Dar conta de escrito de renuncia ao cargo de concelleiro de Don Adrián Varela Sarandeses.

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 24 DE ABRIL DE 2014 (NÚM. 6/14).

Por unanimidade dos presentes apróbase a acta núm. 6/2014, correspondente á sesión plenaria ordinaria que tivo lugar 24 de abril de 2014.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 26 DE ABRIL DE 2014 (NÚM. 7/14).

Por unanimidade dos presentes apróbase a acta núm. 7/2014, correspondente á sesión plenaria extraordinaria que tivo lugar 26 de abril de 2014.

3. TOMA DE COÑECEMENTO DA APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO CATÁLOGO DO PXOM DE SANTIAGO DE COMPOSTELA: CORRECCIÓN DE ERROS NA FICHA D-070 (CONXUNTO EN CASAL DA HORTA), CREACIÓN DA FICHA D-070 BIS (PAZO DE LERMO) E INCORPORACIÓN AO CATÁLOGO DUN ELEMENTO DE INTERESE ETNOGRÁFICO COA REFERENCIA F-134 (POMBAL).

De conformidade co Ditame da comisión informativa de urbanismo, infraestruturas e vivenda correspondente á súa reunión do pasado 22 de maio de 2014, o pleno da

corporación toma coñecemento da Orde do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 28 de abril de 2014, pola que se outorgou aprobación definitiva á Modificación puntual do Catálogo do PXOM: Corrección de erros na ficha D-070 (conxunto en Casal da Horta), creación da ficha D-070 BIS (Pazo de Lermo) e incorporación ao catálogo dun elemento de interese etnográfico coa referencia F-134 (Pombal).

Así mesmo, toma coñecemento da publicación da precitada Orde no Diario Oficial de Galicia do día 13 de maio de 2014, así como da remisión do correspondente anuncio ao Boletín Oficial da Provincia, para a entrada en vigor da modificación.

4. APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2014-CREXT-01 PARA INVESTIMENTOS FINANCIADOS CON CARGO A REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO.

O 20 de maio de 2014, a concelleira delegada de facenda e administración pública presentou unha proposta co obxecto de aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario núm. 2014-CREXT-01, polo importe global de 651.618,08 euros.

O informe que emitiron o señor interventor xeral e a señora viceinterventora en relación coa citada proposta é o que a seguir se transcribe:

“Remitido expediente nº 2014-CREXT-01 de concesión de crédito extraordinario con destino ó financiamento das inversións sinaladas na proposta formulada pola concelleira delegada de Facenda e Administración Pública esta Intervención, ó abeiro do sinalado no artigo 177.2 TRLRFL e 37.3 RD 500/1990, emite o seguinte INFORME PRECEPTIVO:

I) Normativa de aplicación

1. RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
2. RD 500/1990, de 20 de Abril, Regulamento orzamentario
3. Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local
4. RDL 781/86 TRRL, de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
5. Instrución de Modelo Normal de Contabilidade Local
6. Bases de Execución do Orzamento.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do orzamento de gastos mediante as que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito (artigo 177 TRLRFL e 35.1 RD 500/1990).

Este tipo de modificación orzamentaria está regulada no artigo 177 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e 34 a 38 do RD 500/1990, de 20 de Abril. O remanente de tesourería figura como recurso de financiamento de dita tipoloxía de modificacións de crédito; toda vez que se trata de remanente de tesourería afectado, debe garantirse que as inversións de destino cumpren os requisitos de afectación do recurso que as financian. Incorporárase neste senso unha memoria económica asinada polo director de área de Urbanismo e Infraestruturas relativa á sostenibilidade das inversións e ao seu carácter de Patrimonio Municipal do Solo.

II) Expediente de concesión de crédito extraordinario: verificación de cumprimento da normativa de aplicación

Os gastos que, a tenor da proposta de modificación non se poden demorar ata exercicios posteriores, consisten nunha serie de inversións cuxa motivación e descrición figuran na mesma, concretándose o importe total en 651.618,08 euros.

Non existe no estado de gastos do orzamento crédito destinado a esta finalidade específica no nivel establecido de vinculación xurídica, tal como se deriva do certificado emitido por esta Intervención, non podendo dita aplicación ser obxecto de ampliación.

II.I.- Aplicacións do orzamento de gastos ás que afecta o expediente

PARTIDA INCREMENTADA	PROXECTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
050 15100 61900	2014 2 MRIOS 50	Proxecto de Reurbanización da Rúa Montero Ríos-Ensanche	177.645,15
050 15100 61900	2014 2 ENSAN 51	Proxecto de reurbanización do Ensanche. 5ª fase	200.000,00
050 15100 61900	2014 2 ENSAN 52	Proxecto de reurbanización do Ensanche. 6ª fase	203.972,93
050 15100 61900	2014 2 CHURU 53	Proxecto de pavimentación da rúa Churruchao-A Rocha	70.000,00

II.II.- Recurso financeiro

No expediente obxecto de informe se indica como recurso o remanente de tesourería afectado, incorporado no exercicio 2013 ó proxecto de gastos 2013 8 EXCES 13, recollendo o mesmo os excesos de financiamento derivados de remanentes de crédito non incorporados por desestimento na súa realización, pero financiados con ingresos afectados diversos, unha parte dos cales proveñen de operacións de crédito concertadas

en exercicios anteriores e outros de alleamento de terreos e aproveitamentos urbanísticos, tal como se recolle en informe emitido por esta Intervención. Constátase, pois, a existencia de excesos de financiamento no proxecto de gastos 2013 8 EXCES 13 en contía suficiente para o financiamento do presente expediente de crédito extraordinario, polo que se cumpre o preceptuado no artigo 177.4 TRLRFL e 36.1.c) do R.D. 500/1990.

O presente expediente diríxese á afectación do financiamento de novas inversión a través dun expediente de crédito extraordinario, implicando unha modificación á alza do orzamento de ingresos no concepto 870.10 “Remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado” polo citado importe, e igual ó incremento nas aplicacións de gastos antes relacionadas.

Polo tanto, son coincidentes os importes do crédito extraordinario e remanente de tesourería afectado, conservándose o equilibrio formal do Orzamento, de conformidade co sinalado no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de Abril.

III) Tramitación e aprobación do expediente

Segundo os artigos 177.2 do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora de Facendas Locais, e 38 do RD 500/1990, serán de aplicación ós expedientes de concesión de créditos extraordinarios as normas sobre aprobación, información, reclamacións e publicidade e recursos contencioso-administrativos aplicables ós Orzamentos, así como as normas establecidas nas Bases de Execución do Orzamento Municipal de 2014:

I. Proposta do/a Concelleiro/a delegado/a que teña ó seu cargo a xestión dos créditos ou sexa responsable dos correspondentes programas.

II. Aprobación pola Xunta de Goberno Local.

III. Informe preceptivo do Interventor

IV. Ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, preceptivo a tenor do artigo 123 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, por ser a aprobación do expediente competencia do Pleno.

V. Aprobación inicial polo Pleno Corporativo, bastando a maioría simple (artigo 47.1 da Lei 7/85, de 2 de Abril, reguladora de Bases de Réxime Local)

VI. Exposición ó público do acordo de aprobación inicial durante 15 días hábiles na Intervención, previa inserción no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, coa posibilidade de presentación de reclamacións durante dito prazo ante o Pleno.

VII. O expediente se considerará definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, contado a partir do día seguinte á finalización do da exposición ó público, e as reclamacións se considerarán denegadas en calquera caso si non se resolven no acordo de aprobación definitiva.

VIII. O expediente de modificación de crédito, definitivamente aprobado con ou sen modificacións sobre o acordo de aprobación inicial será inserido, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, ademais de no taboleiro de anuncios.

IX. Da concesión de créditos extraordinarios se remitirá copia á Comunidade Autónoma e á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda. A remisión se fará simultaneamente ó envío ó Boletín Oficial da Provincia a que se refire o apartado anterior.

X. Contra a aprobación definitiva da concesión de créditos extraordinarios poderá interpoñerse directamente recurso contencioso- administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición.

A modificación entrará en vigor unha vez teña lugar a publicación a que fai referencia o punto VIII anterior.

Conclusión

A proposta de concesión de crédito extraordinario estímase formalmente conforme no seu procedemento de tramitación ó establecido no ordenamento xurídico.”

Dona María Pardo indica que xa veu o mes pasado a pleno unha modificación orzamentaria con remanentes afectados, que proveñen de partidas orzamentarias vinculadas a proxectos que non se realizaron e non van realizarse, ou a restos de proxectos xa realizados; neste caso concréntanse nun importe de 651.618,08 euros.

O presente expediente diríxese á afectación do dito importe ao financiamento de novos investimentos a través deste expediente de crédito extraordinario que se vai destinar á reurbanización da rúa Montero Ríos, no Ensanche .Terán unha anualidade para o ano 2014, de 177.645,15 euros, e para a anualidade de 2015, o montante total do resto da

obra, 1.503.740 euros. Destínase tamén a proxectos de reurbanización do Ensanche, concretamente a quinta e sexta fase.

Para a quinta a anualidade 2014 destínanse 200.000 euros; para a anualidade 2015 destínanse 360.000 euros que afectan ao aglomerado e mellora da calzada da rúa Doutor Teixeiro, cun prazo de execución de sete semanas, e un orzamento de 129.892,24. Para a rúa República Arxentina, cun prazo de execución, tamén, de sete semanas, vai un orzamento de 163.064,32 euros, e para a reparación de pavimentos da calzada na rúa Santiago de Chile, sete semanas, orzamento de 171.644,25 euros.

Á renovación dos pavimentos da Praza de Galicia, cun prazo de execución de seis semanas, adócase un orzamento de 107.077,38 euros. A fase sexta que ten unha anualidade en 2014, de 203.972,93 euros, vai supoñer a mellora da praza Roxa, Praza de Vigo, Rosalía de Castro, Rúa Nova de Abaixo, Santiago del Estero e República Arxentina, en relación co rebaixe de pasos de peóns, pintado de marcas viais para reubicación de carga e descarga e as prazas necesarias para persoas con mobilidade reducida, o reforzo da sinalización vertical, a retirada de bolardos que incumpren a lei de accesibilidade por outros flexibles, con elementos reflectantes e que cumpren a normativa; así como tamén a retirada de alcorques de fundición e substitución polos de conglomerado de resina e faia de color do país, que tamén cumpren a normativa de accesibilidade, entre outras actuacións.

Finalmente, o último proxecto que é o da repavimentación da rúa Churruchao na Rocha, ten na anualidade de 2014, un orzamento de 70.000 euros, refírese ao estado do acceso da rúa Churruchao ao centro social, por mor das augas que pasan por debaixo da estrada, e di que van solucionalo.

Don Rubén Cela di que vai ser moi breve, porque non é este o primeiro crédito extraordinario destas características que o grupo de goberno trae ao pleno. Opina que todos os argumentos xa están dados, e a súa posición de voto será a mesma que en ocasións anteriores. Ao seu grupo parécelle correcto o uso dos remanentes de tesourería e que se empreguen estes 650 mil euros en investimentos. Opina que todas as actuacións que ven de plantexar a concelleira son necesarias, tanto a reurbanización de Monte Ríos, como esa quinta e sexta fase da reurbanización do Ensanche, ou a pavimentación desta rúa do Churruchao. O que lles parece máis cuestionable é a urxencia na súa tramitación, o feito de que estes créditos estean absolutamente centrados no Ensanche, e que o groso dalgunha destas actuacións, como veñen de indicar, quede para o ano 2015. Por ese motivo di que o seu grupo se vai abster neste punto.

Don Francisco Reyes manifesta con respecto a esta proposta de incorporación de créditos de remanentes de tesourería, que eles non están en desacordo, nin desconformes coa incorporación dese crédito; de feito pedírono xa o ano pasado nunha sesión

plenaria. En definitiva, eles apoian a incorporación de créditos dos remanentes de tesourería.

Outra cousa é o destino deses remanentes, xa que neste caso sucede que o noventa por cento de todo o diñeiro que se incorpora é para o Ensanche, e só se destina un dez coma sete por cento ao proxecto de pavimentación da rúa Churruchao-A Rocha. Neste sentido di que tendo en conta a existencia de estradas con fochas, os problemas de xestión das garderías, os problemas de mantemento dos colexios ou máis ben de non mantemento, visto que non se renovan os servizos en moitas das actuacións que se teñen feitas, visto que en San Pedro de Mezonzo, Doutor Teixeiro, non se teñen cambiado nin os bordes, a verdade é que teñen dúbidas nesta ocasión, con respecto á adicación destes remanentes de crédito a estes proxectos de reurbanización. Por iso di que o grupo municipal do PSdeG-PSOE, vai absterse, porque a pesar de estar de acordo na incorporación do remanente de créditos, teñen serias dúbidas de que o mellor exercicio de priorización da adicación destas contías sexa para o que propón neste caso o goberno.

Dona María Pardo contesta ao señor Reyes para recordarlle os máis de tres millóns de euros que xa se están a investir no rural e que actualmente se vai iniciar tamén a contratación do POS-14 por máis de cincocentos mil euros. Tamén este ano se van facer investimentos en barrios, como a rúa Vinte e cinco de xullo, a rúa das Cancelas, a rúa de Amor Ruibal, a de Lamas de Abade, a de Sar, ou os contratos de mantemento de viais, por 350.000 euros anuais, ou o de desbroces por valor de 250.000 euros.

Xa que logo, de conformidade co Ditame favorable da comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas, correspondente a súa reunión do 23 de maio, e consonte co informe anteriormente transcrito, o pleno da corporación, por 14 votos a favor correspondente aos membros do grupo municipal do Partido Popular e aos do BNG, e 9 votos en contra, correspondentes aos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario número 2014-CREXT-01 por importe global de 651.618,08 euros. Esta modificación de crédito financiarase, con remanente de tesourería afectado, incorporado no exercicio 2013 ao proxecto de gastos 2013 8 EXCESS 13, recollendo o mesmo os excesos de financiamento derivados de remanentes de crédito non incorporados por desestimento na súa realización, pero financiados con ingresos afectados diversos, de conformidade co disposto nos artigos 177.4 do texto refundido da lei reguladora de Facendas Locais, aprobado mediante Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 36.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de Abril.

2. Expoñer ao público o expediente durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

3. O expediente inicialmente aprobado elevarase automaticamente a definitivo se contra o mesmo non se formulase reclamación ningunha, procedendo á publicación do resume por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

O expediente que ven de aprobarse inicialmente ten o seguinte detalle:

A) Habilitación:

PARTIDA INCREMENTADA	DENOMINACIÓN	PROXECTO	IMPORTE
050 15100 61900	PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA RÚA MONTERO RÍOS-ENSANCHE	2014/2/MRIOS/50	177.645,15 euros
050 15100 61900	PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DO ENSANCHE – 5ª FASE	2014/2/ENSAN/51	200.000 euros
050 15100 61900	PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DO ENSANCHE – 6ª FASE	2014/2/ENSAN/52	203.972,93 euros
050 15100 61900	PROXECTO DE REPAVIMENTACIÓN DA RÚA CHURRUCHAO-A ROCHA	2014/2/CHURU/53	70.000 euros

B) Financiación: Remanente de tesourería afectado a gastos de inversión: 651.618,08 euros

CONCEPTO DE INGRESOS INCREMENTADO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.10	Remanente de tesourería para gastos con financiación afectada	651.618,08 euros

C) Resume:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	651.618,08 euros
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	

b) Baixas por anulación.....	651.618,08 euros
c) Remanente de tesourería afectado a gastos de inversión	
3.- Financiamento igual a habilitación.....	651.618,08 euros

5. PROPOSTAS DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS E DA CONCELLEIRA DE ECONOMÍA, EMPREGO, COMERCIO, MERCADOS E TURISMO DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2014.

O 15 de maio de 2014, a concelleira delegada de economía, comercio, turismo e mercados presentou unha proposta co obxecto de modificar as bases de execución do orzamento en relación á subvención nominativa prevista a favor da Cámara de Comercio.

Dita proposta ía acompañada de informe previo da xefa do servizo de promoción económica, comercio e emprego, que figura achegado ao expediente.

O 16 de maio de 2014, presentou outra proposta a concelleira delegada da área de servizos sociais co fin de modificar as bases de execución do orzamento en relación ás subvencións nominativas previstas a favor da Asociación Síndrome de Down Compostela e Asociación Renacer.

Achegado a dita proposta figura informe da xefa de sección de servizos sociais do 16 de maio de 2014.

En relación ás referidas propostas o señor interventor xeral emitiu o seguinte informe:

“I. ANTECEDENTES

Remitidas as seguintes propostas de modificación das subvencións nominativas da base 28.1 dos orzamentos para 2014:

- a) Proposta formulada pola concelleira delegada de economía, comercio, turismo e mercados, relativa a substituír a subvención á Cámara de Comercio pola subvención a Fundación INCYDE, sen que supoña cambio de partida e importe, que seguirán sendo a 070 43300 48900, por importe de 9000 euros, e motivado polo erro que se indica no informe da xefa do servizo de 14 de maio de 2014.
- b) Proposta formulada pola concelleira delegada de servizos sociais, relativa a substituír a subvención á Asociación Síndrome de Down Compostela pola subvención a Fundación Down Compostela NIF G-70040258. E substituír a subvención á Asociación

Renacer pola subvención a Asociación Redmadre Coruña, NIF G-70180229, sen que supoña modificación dos importes e partidas, e motivado polo erro que se sinala no informe da xefa de sección de 16 de maio de 2014.

Ó abeiro do sinalado no artigo 177.2 TRLRFL e 21 da Lei Xeral de Subvencións, emítase o seguinte informe preceptivo:

II. Normativa de aplicación.

1. RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se proba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
2. Lei Xeral de Subvencións e Regulamento.
3. RD 500/1990, de 20 de abril, regulamentario orzamentario.
4. Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.
5. RDL 781/1986 TRRL, de disposicións legais vixente en materia de Réxime Local.
6. Instrución do modelo normal de contabilidade local.
7. Bases de execución do orzamento.

III. Consideracións

As subvencións nominativas deben aprobarse co orzamento, polo que un cambio das mesmas supón incoar un procedemento de modificación presupostaria, segundo o procedemento dos artigos 168 e 171 do TRLFL.

Esta modificación non supón unha modificación dos créditos nin das partidas, polo que soamente afecta ao anexo de inversións.

IV. Conclusións

Informase favorablemente a proposta de modificación do anexo de subvencións nominativas.”

Dona María Castelao di que hai un erro nas subvencións nominativas de servizos sociais, relativo á Fundación Down Compostela e Redmadre que se corríxen deste xeito.

Dona Reyes Leis dí que no caso da concellería de economía onde estaba recollida unha subvención nominativa á Cámara de Comercio é a Fundación nacional de cámaras de comercio “Fundación INCYDE”, tampouco ten maior relevancia.

Rematado o debate, de conformidade co Ditame favorable da comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas, correspondente a súa reunión do 23 de maio, e consonte cos informes anteriormente referenciados, o pleno da

corporación, por unanimidade dos presentes, acorda modificar o anexo de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento para o exercicio 2014, no sentido que a seguir se indica:

1.- Onde di entidade beneficiaria “Asociación Síndrome de Down Compostela” ten que dicir **“Fundación Down Compostela, co NIF G-70040258”**.

2.- Onde di entidade beneficiaria “Asociación Renacer” ten que dicir **“Asociación Redmadre Coruña, NIF G-70180229”**.

3.- Onde di entidade beneficiaria “Cámara de Comercio” ten que dicir **“Fundación INCYDE”**.

6. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE, DE DISTINCIÓNS A MEMBROS DA POLICÍA LOCAL.

O 20 de maio de 2014, presentou unha proposta o concelleiro delegado da área de mobilidade e seguridade, co obxecto de entregar a medalla de permanencia a determinados membros da policía local, de conformidade co artigo 40 do Regulamento do Corpo.

Consonte coa citada proposta e de conformidade co Ditame favorable da comisión informativa de presidencia, réxime interior, facenda e especial de contas, correspondente a súa reunión do 23 de maio do presente ano, o pleno da corporación, por unanimidade dos presentes acorda entregar a medalla de permanencia aos seguintes membros do corpo da policía local de Santiago de Compostela:

CARGO	APELIDOS	NOME
INSPECTOR PRINCIPAL	CARRIL FERNÁNDEZ	JOSÉ ANTONIO
OFICIAL	VÁZQUEZ ILLODO	JESÚS
OFICIAL	GARCÍA CASTRO	JOSÉ MANUEL
OFICIAL	PAZOS BALIÑAS	CAMILO
OFICIAL	GONZÁLEZ CAAMAÑO	JOSÉ
POLICÍA	CASTRO OTERO	JOSÉ LUÍS
POLICÍA	SEOANE NIETO	ALFONSO
POLICÍA	RAMOS REY	JOSÉ
POLICÍA	GARABATOS COUTO	JOSÉ MARÍA
POLICÍA	SEOANE GARCÍA	ELÍAS
POLICÍA	FRANCO PÉREZ	BENIGNO
POLICÍA	COTELO FELPETE	JOSÉ LUÍS
POLICÍA	LAFUENTE BARBA	JOSÉ MANUEL
POLICÍA	MALVIDO CARRILLO	XOSÉ MANUEL

POLICÍA	RIAL RODRÍGUEZ	JOSÉ LUÍS
POLICÍA	BARROS LEMA	SEVERO

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DA AP-9.

O 20 de maio de 2014, o grupo municipal socialista, presentou unha proposta co obxecto de que o pleno instase ao Ministerio de Fomento a incluír no proxecto definitivo das obras de ampliación da AP-9, as conexións coa autovía de Lavacolla A54 e coa Cidade da Cultura de Galicia.

Pola súa banda, o grupo municipal do Partido Popular formulou unha emenda á citada proposta.

O señor alcalde di que hai unha emenda do grupo popular. Indica que procederon primeiro ao análise da proposición do grupo socialista, e despois aceptouse a emenda. A seguir dá lectura á proposición entende que aprobada por unanimidade los tres grupos.

O señor Cela pide, aínda que se lle dea traslado en castelán ao Ministerio, que o acordo se redacte en galego.

Rematado o debate, o pleno da corporación por unanimidade dos presentes acorda:

1º. Solicitar ao Ministerio de Fomento a redacción do proxecto para o seu sometemento a información pública, segundo o especificado no artigo 10 da Lei 25/1988 de Carreteras, de acordo coa alegación presentada polo Concello de Santiago e outros, que recolla a substitución da conexión entre a autoestrada do Atlántico AP-9 e a autovía de Lavacolla A-54, incluída no proxecto sometido a información pública, por unha solución consistente nun enlace, denominado enlace orbital, no punto quilométrico 64+500 da autoestrada AP-9, e un vial de conexión de dobre calzada entre este enlace e a glorieta do enlace de San Marcos da autovía A-54, sen que iso supoña unha interrupción ou retraso das obras de ampliación da AP-9.

2º. Solicitar ao Ministerio de Fomento que se leve a cabo o proxecto de enlace coa Cidade da Cultura de Galicia dada a transcendencia cultural do complexo para toda a Comunidade.

8. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á EXECUCIÓN DA SENTENZA NÚM. 00294/2014, DO TSXG.

O 20 de maio de 2014, o grupo municipal socialista presentou unha proposta co obxecto de executar sen dilación e de xeito inmediato a sentenza 294/2014.

O 27 de maio seguinte o grupo municipal do Partido Popular formulou unha emenda á citada proposta.

Don Francisco Reyes expón que se notificou a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sala contencioso administrativo, sección 1, o 30 de abril de 2014, co número 00294/2014, referida ao recurso contencioso administrativo número 267/12, interposto polos concelleiros do Grupo Municipal Socialista, contra o acordo aprobado o 2 de febreiro de 2012, polo Pleno da Corporación cos votos a favor do grupo do goberno do PP, relativo á aprobación definitiva da modificación do cadro de persoal correspondente ao exercicio 2011, que incorporou tres novos habilitados de carácter estatal, a pesar do informe da viceinterventora municipal, de 30 de novembro de 2011. Nel mostrábanse obxeccións á proposta de modificación do cadro de persoal, en canto á falta de autorización da administración que exerce a tutela financeira, do risco de vulneración dos límites da taxa de reposición de efectivos do artigo 23 da lei 39/2010, de 22 de decembro de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, e sobre a incorrecta asignación do complemento de destino.

A falta de xustificación da imposibilidade de demorar o gasto ata o exercicio seguinte foi o primeiro motivo de impugnación. A nulidade do acordo aprobado por entrar en vigor tendo vencido o exercicio ao que ía referida a modificación do cadro de persoal o segundo motivo, e o terceiro a vulneración do artigo 3 do Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público. Por isto di que o TSXG fallou o seguinte:

“Que estima o recurso contencioso interposto polos membros dos grupo municipal do Partido Socialista contra o acordo adoptado polo Concello de Santiago de Compostela, en sesión plenaria de 2 de febreiro de 2012, de aprobación definitiva da modificación do cadro de persoal correspondente ao exercicio 2011, e en consecuencia, anula parcialmente dito acordo, no que atinxe á creación de tres prazas de funcionarios de habilitación de carácter estatal, de un secretario/a de apoio, un interventor/a de apoio e un tesoureiro/a de apoio, pertencentes ao grupo A1, impondo o concello demandado as costas”

Relata que prosegue o fallo a indicar que se notifique a sentenza ás partes, se lle entregue copia ao Ministerio Fiscal, e que a mesma é firme.

Lembra a situación singular de que nun pleno extraordinario desta corporación se aprobou no 2012 a modificación do cadro de persoal do ano 2011. En realidade pensaban que era ficción pretender xustificar no ano 2012 a urxencia dunha modificación do orzamento da anualidade anterior.

A mesma concelleira de facenda nunha rolda de prensa, xustificou que non se ían presentar os orzamentos en decembro, precisamente para dar cumprimento ao Decreto de medidas urxentes que aprobara o goberno do señor Rajoy, e o primeiro que fixo o goberno municipal en relación con este Decreto, foi incumprilo, como agora claramente marca a sentenza.

O día 26 de xaneiro incorporouse ao expediente unha proposta do goberno que xustificaba a convocatoria extraordinaria urxente do pleno do mes de decembro no que se debateu a aprobación inicial da modificación do cadro.

Indica que o grupo socialista se opuxo a dita modificación por varios motivos:

Primeiro, porque entendía que era ilegal, xa que vulneraba o Decreto Lei do 30 de decembro, o primeiro decreto de medidas anticrise adoptado polo goberno do señor Rajoy.

Asemade, tamén indicou o grupo socialista, que se entendía que non era racional dende o punto de vista económico, que un concello das dimensións do noso tivera na súa plantilla nove habilitados estatais, a razón de tres secretarios, tres interventores, e tres tesoureiros, o que consideraba incompatible con calquera criterio de austeridade, que tanto predicaba e predica o equipo de goberno.

Creáronse coas ditas modificacións do cadro de persoal cinco novas prazas cun custo de 400 mil euros ao ano, o que significa un 1.600.000 euros durante os próximos catro anos, e en principio, por mor da lexislación, para toda a vida laboral dos funcionarios que o grupo popular designara.

Eles considerábano unha falta de racionalidade económica xa que se cada goberno cesase aos habilitados estatais para nomear a outros, atoparíanse dentro de catro anos con doce habilitados nacionais, en cada mandato tres máis, e non terían unha limitación.

Esta modificación que se aprobou en pleno, e que rexeita claramente o TSXG, obviamente non se rexía polos principios de racionalidade, nin de economía, nin de eficiencia, como esixe a lexislación.

A modificación non se motivou, ese é un dos aspectos que quedan claros na sentenza, e dende logo, non existía dúbida de que a racionalidade e a economía non existiu na dotación destes novos postos.

Precisa que o acto de declaración de urxencia, non depende de que o grupo de goberno teña ou non unha determinada maioría, senón de que exista unha motivación adecuada.

Tal motivación tiña que vir dada pola concorrencia de circunstancias imprevisibles, sobrevidas, de interese legal que non puidesen ser dilatadas no tempo e indica claramente que non foron esas circunstancias, como quedou acreditado na sentenza que están a comentar.

Na sentenza queda claro que é unha situación que se podería entender como fraude de lei. A corporación municipal tiña que formular os orzamentos do ano seguinte, polo que non había xustificación para que o 21 de decembro se presentara unha modificación do cadro de persoal de 2011, cousa que queda novamente clara nesta sentenza.

A seguir di que van a admitir a emenda que presenta o grupo popular, por dous motivos:

O primeiro porque o dereito a defensa existe tanto para as persoas físicas como xurídicas. É certo, que existe aínda a posibilidade dun recurso que decidirá o grupo de goberno se formula ou non, pero tamén é certo que ese é un dereito da persoa xurídica.

En segundo lugar, porque esta emenda, o que significa é unha mudanza á que lle dan a benvinda, por parte do grupo de goberno. Porque a emenda claramente di que a sentenza firme se vai executar, a pesar de existir declaracións de destacados membros do goberno municipal, que sinalaban que era inexecutable, por estar superado o cadro de persoal polos exercicios posteriores.

Don Rubén Cela expón que esta sentenza do TSXG, o que fai é anular a creación das novas prazas de habilitados estatais: secretario, interventor e tesoureiro, aínda que esta última non se chegara a cubrir, e ratifica tamén o cuestionado en reiteradas ocasións polo Bloque Nacionalista Galego neste mesmo pleno, ao igual que polo grupo socialista e as centrais sindicais con representación neste concello.

A creación destas novas prazas ao seu xuízo, non respondía á carga de traballo real destas áreas, ou á falta de profesionalidade de quen as ocupaba con anterioridade. Máis ben todo o contrario, a creación destas prazas, dende o seu punto de vista foi unha decisión política e partidista, ademais de tomarse dun xeito simultáneo á aplicación de serios recortes laborais e salariais para o resto do cadro de persoal do concello. Creábanse novas prazas ao tempo que a anterior interventora e o anterior secretario, pasaban a un exilio en San Lázaro, sen funcións, nin carga de traballo. Iso sí, esas prazas cústanlle aos veciños e veciñas de Santiago de Compostela máis de sesenta mil euros cada unha.

O TSXG deulle unha labazada a este goberno municipal aínda que non sexa o único que teña que responder desta actuación, tamén terá que explicar a Xunta de Galiza por que razóns e en función de que criterios autorizou a creación destas prazas, e despexar así as

moitas dúbidas que ten suscitado este tema, porque tamén, segundo publicaban distintos medios, non cabe descartar inconfesables intereses na toma desta decisión.

Esta sentenza dende o seu punto de vista, é un reflexo, do que pasou neste concello dende a entrada no goberno do Partido Popular, de cómo se goberna dun xeito autoritario, carente de todo rigor, e mesmo, en ocasións de xeito contraditorio ao dereito, facendo oídos xordos ás advertencias e recomendacións dos representantes dos traballadores e traballadoras, e xa non digamos da oposición.

O problema é que esa falta de rigor paganna sempre e de xeito directo ou indirecto os veciños e o funcionamento desta institución.

Unha vez máis, foi a xustiza ordinaria a que lles tivo que parar os pés, e lamentablemente, moito temen, que non será a última.

Esta é unha das primeiras sentenzas por este tipo de casos. Anteriormente, xa viron outras, como as que tiñan que ver coa área de persoal, e de seguro que non serán as únicas.

Nese sentido di que as sentenzas están para cumprilas, e esa é a razón pola que o grupo municipal do BNG apoiará esta proposición do grupo socialista e tamén con esa incorporación en forma de emenda, porque hai unha sentenza, e as sentenzas hai que cumprilas cando estas son firmes.

Dona Amelia González expón que os postos de garantía dos habilitados nacionais foron aprobados precisamente polo goberno bipartito da Xunta de Galicia, PSdeG-Bloque Nacionalista Galego. Eles fixeron o que dicía o Decreto aprobado polo bipartito, que non foi precisamente o que fixo o goberno do PSOE coa anterior viceinterventora, Ana González Verdejo.

Agradece que o PSdG-PSOE e o BNG apoiem este pequeno texto da emenda. Fundaméntase en que o artigo 103 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, que é o que regula a xurisdición contencioso-administrativa establece que as partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nelas se consignent.

O seu artigo 104 establece que despois de que sexa firme unha sentenza, se lle ten que comunicar no prazo de dez días ao órgano que realiza a actividade obxecto do recurso, co fin de que, unha vez acusado recibo da comunicación en idéntico prazo dende a recepción, a leve a puro e debido efecto e practique o que esixa o cumprimento das declaracións contidas na parte dispositiva, e no mesmo prazo indique o órgano responsable do cumprimento daquel.

Transcorridos dous meses desa comunicación da sentenza, calquera das partes e persoas afectadas poderá instar a execución forzosa. Ao respecto di que non consta que se teña recibido neste concello a comunicación de firmeza emitida polo órgano xurisdiccional, polo que aínda non se cumpren eses requisitos legais, para levar adiante a súa execución.

Indica que dende o momento en que se reciba esa comunicación de firmeza, levarase a puro e debido efecto, e practicarase o que esixa o cumprimento das declaracións contidas na parte dispositiva.

Isto, tal e como explicaron nos seus argumentos na emenda, porque é vontade do goberno municipal a plena colaboración coa administración de xustiza, cumprir e executar as sentenzas e demais resolucións xudiciais na forma e termos que nestas se consignent, cando se comunique, como establece a lei, a súa firmeza.

Ademais, procede igualmente en virtude do establecido legalmente, que o acordo se refira ao cumprimento de sentenzas nos propios termos que nelas se consignent.

Por último, apunta que na proposición non se consigna o número correspondente aos autos do procedemento. Di que eles o engadiron na súa emenda.

A seguir procede a dar lectura á emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular.

Rematado o debate, o pleno da corporación, por unanimidade dos presentes acorda que en canto sexa comunicada a firmeza da sentenza 00294/2014, recaída en autos de PO 267/2012 pola que se anula parcialmente o acordo plenario do 2 de febreiro de 2012, relativo á aprobación definitiva do cadro de persoal correspondente ao exercicio de 2011, no que respecta á creación de tres prazas de funcionarios de habilitación de carácter estatal referidas no texto da proposición, se acorde executar sen dilación e de maneira inmediata a mencionada sentenza.

9. DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2013.

Dáse conta ao pleno do Decreto de data 28 de marzo de 2014 relativa á liquidación do orzamento do Concello de Santiago de Compostela correspondente ao exercicio de 2013.

O contido do citado decreto é o que a continuación se transcribe:

“De conformidade co establecido no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no artigo 90 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril,

RESOLVO:

PRIMEIRO: aprobar a liquidación do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2013 de acordo co informe de Intervención que pon de manifesto o resultado orzamentario e o remanente de tesourería derivados da liquidación orzamentaria do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2013, segundo ó seguinte detalle:

RESULTADO ORZAMENTARIO

1. OPERACIONES NON FINANCEIRAS	
(1.a1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OPERACIONES CORRENTES	90.114.305,95
(1.a2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OPERACIONES CORRENTES	75.247.364,18
(1.a1-1.a2)RESULTADO OPERACIÓN CORRENTES	14.866.941,77
(1.b1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS	4.021.739,04
(1.b2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS	6.995.847,69
(1.b1-1.b2) RESULTADO OUTRAS OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	-2.974.108,65
1.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	94.136.044,99
1.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	82.243.211,87
1.3 RESULTADO OPERACIÓN NON FINANCEIRAS (1.1 -1.2)	11.892.833,12
2.- ACTIVOS FINANCEIROS	
2.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	72.680,39
2.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	80.000,00
2.3 RESULTADO ACTIVOS FINANCEIROS (2.1 -2.2)	-7.319,61
3.- PASIVOS FINANCEIROS	
3.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	0,00
3.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	7.915.479,02
3.3 RESULTADO PASIVOS FINANCEIROS (3.1 -3.2)	-7.915.479,02
4.- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	
4.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	94.208.725,38
4.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	90.238.690,89
4.3 RESULTADO ORZAMENTARIO (4.1-4.2)	3.970.034,49
AXUSTES	
4. CRÉDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	723.613,46
5.- DESVIACIONES DE FINANCIACION NEGATIVAS DO EXERCICIO	5.247.535,05

6.- DESVIACIONES DE FINANCIACION POSITIVAS DO EXERCICIO	3.731.284,30
(4+5-6) TOTAL AXUSTES	2.239.864,21
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (4.3+5-6)	6.209.898,70

REMANENTE DE TESOURERÍA

1.- FONDOS LIQUIDOS	16.627.821,96
2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO	36.333.475,45
2.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	10.256.112,28
2.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	26.181.642,77
2.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	517.153,10
2.4 +COBROS PENDENTES APLICACIÓN DEFINITVA	621.432,70
3.- OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	18.840.569,69
3.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	10.575.499,78
3.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	164.998,65
3.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	8.106.690,16
3.4 -PAGOS REALIZADOS PENDIENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	6.618,90
I. REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3)	34.120.727,72
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	14.466.074,92
III. EXCESO DE FINANCIACION AFECTADA	15.061.374,93
IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I- II- III)	4.593.277,87

SEGUNDO: Aprobar a liquidación do Orzamento do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia, correspondente ó exercicio 2013 segundo proposta formulada polo Director-Xerente do Auditorio, de conformidade co establecido no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 90 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, e de acordo co informe de Intervención que pon de manifesto o resultado orzamentario e o remanente de tesourería derivados da liquidación orzamentaria do Auditorio de Galicia do exercicio 2013, segundo o seguinte detalle:

RESULTADO ORZAMENTARIO

I. OPERACIONES NON FINANCEIRAS	
(1.a1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OPERACIONES CORRENTES	2.397.061,75
(1.a2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OPERACIONES CORRENTES	2.272.057,93
(1.a1-1.a2)RESULTADO OPERACIÓN CORRENTES	125.003,82
(1.b1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS	0,00
(1.b2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS	5.236,66
(1.b1-1.b2) RESULTADO OUTRAS OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	-5.236,66
1.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.397.061,75

1.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.277.294,59
1.3 RESULTADO OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS (1.1 -1.2)	119.767,16
2.- ACTIVOS FINANCEIROS	
2.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	4.095,61
2.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	0,00
2.3 RESULTADO ACTIVOS FINANCEIROS (2.1 -2.2)	4.095,61
3.- PASIVOS FINANCEIROS	
3.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	0,00
3.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	0,00
3.3 RESULTADO PASIVOS FINANCEIROS (3.1 -3.2)	0,00
4.- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	
4.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.401.157,36
4.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.277.294,59
4.3 RESULTADO ORZAMENTARIO (4.1-4.2)	123.862,77
AXUSTES	
4. CRÉDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	0,00
5.- DESVIACIONES DE FINANCIACION NEGATIVAS DO EXERCICIO	0,00
6.- DESVIACIONES DE FINANCIACION POSITIVAS DO EXERCICIO	0,00
(4+5-6) TOTAL AXUSTES	0,00
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (4.3+5-6)	123.862,77

REMANENTE DE TESOURERÍA

1.- FONDOS LIQUIDOS	780.272,85
2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO	657.949,63
2.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	434.829,76
2.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	213.208,30
2.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	20.092,88
2.4 +COBROS PENDENTES APLICACIÓN DEFINITVA	10.181,31
3.- OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	676.025,77
3.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	506.834,95
3.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	0,00
3.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	169.190,82
3.4 -PAGOS REALIZADOS PENDIENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	0,00
I. REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3)	762.196,71
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	69.133,73
III. EXCESO DE FINANCIACION AFECTADA	0,00
IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I- II- III)	693.062,98

TERCEIRO: aprobar o resultado orzamentario consolidado segundo o seguinte detalle:

RESULTADO ORZAMENTARIO

1. OPERACIONES NON FINANCEIRAS	CONCELLO	AUDITORIO	TOTAL	AXUSTES	CONSOLIDADO
(1.a1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OPERACIONES CORRENTES	90.114.305,95	2.397.061,75	92.511.367,70	1.069.229,36	91.442.138,34
(1.a2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OPERACIONES CORRENTES	75.247.364,18	2.272.057,93	77.519.422,11	1.069.229,36	76.450.192,75
(1.a1-1.a2)RESULTADO OPERACIÓN CORRENTES	14.866.941,77	125.003,82	14.991.945,59		14.991.945,59
(1.b1)DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS	4.021.739,04	0,00	4.021.739,04		4.021.739,04
(1.b2)OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OUTRAS OPERACIONES NON FINANCEIRAS	6.995.847,69	5.236,66	7.001.084,35		7.001.084,35
(1.b1-1.b2) RESULTADO OUTRAS OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	-2.974.108,65	-5.236,66	-2.979.345,31		-2.979.345,31
1.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	94.136.044,99	2.397.061,75	96.533.106,74		96.533.106,74
1.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	82.243.211,87	2.277.294,59	84.520.506,46		84.520.506,46
1.3 RESULTADO OPERACIÓN NON FINANCEIRAS (1.1 -1.2)	11.892.833,12	119.767,16	12.012.600,28		12.012.600,28
2.- ACTIVOS FINANCEIROS					
2.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	72.680,39	4.095,61	76.776,00		76.776,00
2.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	80.000,00	0,00	80.000,00		80.000,00
2.3 RESULTADO ACTIVOS FINANCEIROS (2.1 -2.2)	-7.319,61	4.095,61	-3.224,00		-3.224,00
3.- PASIVOS FINANCEIROS					
3.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	0,00	0,00	0,00		0,00
3.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	7.915.479,02	0,00	7.915.479,02		7.915.479,02
3.3 RESULTADO PASIVOS FINANCEIROS (3.1 -3.2)	-7.915.479,02	0,00	-7.915.479,02		-7.915.479,02
4.- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO					0,00
4.1 DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	94.208.725,38	2.401.157,36	96.609.882,74		96.609.882,74
4.2 OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	90.238.690,89	2.277.294,59	92.515.985,48		92.515.985,48
4.3 RESULTADO ORZAMENTARIO (4.1-4.2)	3.970.034,49	123.862,77	4.093.897,26		4.093.897,26
AXUSTES					0,00
4. CRÉDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	723.613,46	0,00	723.613,46		723.613,46
5.- DESVIACIONES DE FINANCIACION NEGATIVAS DO EXERCICIO	5.247.535,05	0,00	5.247.535,05		5.247.535,05
6.- DESVIACIONES DE FINANCIACION POSITIVAS DO EXERCICIO	3.731.284,30	0,00	3.731.284,30		3.731.284,30
(4+5-6) TOTAL AXUSTES	2.239.864,21	0,00	2.239.864,21		2.239.864,21
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (4.3+5-6)	6.209.898,70	123.862,77	6.333.761,47		6.333.761,47

REMANENTE DE TESOURERÍA

	CONCELLO	AUDITORIO	CONSOLIDADO
1.- FONDOS LIQUIDOS	16.627.821,96	780.272,85	17.408.094,81
2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO	36.333.475,45	657.949,63	36.991.425,08
2.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	10.256.112,28	434.829,76	10.690.942,04
2.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	26.181.642,77	213.208,30	26.394.851,07
2.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	517.153,10	20.092,88	537.245,98
2.4 - COBROS PENDENTES APLICACIÓN DEFINITVA	621.432,70	10.181,31	631.614,01
3.- OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	18.840.569,69	676.025,77	19.516.595,46
3.1 DE ORZAMENTO CORRENTE	10.575.499,78	506.834,95	11.082.334,73
3.2 DE ORZAMENTOS PECHADOS	164.998,65	0,00	164.998,65
3.3 DE OPERACIONES NON ORZAMENTARIAS	8.106.690,16	169.190,82	8.275.880,98
3.4 -PAGOS REALIZADOS PENDIENTES DE APLICACIÓN DEFINITIVA	6.618,90	0,00	6.618,90
I. REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL (1+2-3)	34.120.727,72	762.196,71	34.882.924,43
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	14.466.074,92	69.133,73	14.535.208,65
III. EXCESO DE FINANCIACION AFECTADA	15.061.374,93	0,00	15.061.374,93
IV. REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (I- II- III)	4.593.277,87	693.062,98	5.286.340,85

CUARTO: de conformidade co previsto no artigo 193.4 do texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, dese conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, remitíndose información correspondente ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e Comunidade Autónoma.

10. DAR CONTA DE INFORME DE MOROSIDADE DO ANO 2013 E PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2014.

Dáse conta ao pleno do seguinte informe de morosidade do ano 2013, e primeiro trimestre de 2014, de data 25 de abril do presente ano, que ven asinado polo señor interventor xeral e pola técnico de intervención:

“INFORMES DE MOROSIDADE DO ANO 2013 E PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2014

I.NORMATIVA APLICABLE

Este informe se emite de acordo co artigo 10 da Lei 25/2013, de 27 de diciembre, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, segundo o cal, o órgano responsable da contabilidade debe elaborar un

informe trimestral que poña de manifesto a situación dos pagos feitos e pagos pendentes das facturas rexistradas na contabilidade municipal do Concello de Santiago.

Outra normativa aplicable é:

- A Lei 15/2010, de 5 de xullo, “de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales”

- Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, “de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo”

No anexo que se engade ó final se expón a evolución dos datos, que se están a remitir ó Ministerio ó fin de cada trimestre e que configuran o que se denominan os informes de morosidade.

Finalmente se engaden tres gráficos que mostran a evolución tendencial dos referidos datos durante todos os trimestres do ano 2013 e o primeiro do ano 2014.

II. INFORME:

1) Periodo medio de pago:

O número medio de días empregados para pagar unha factura descende de 118 días a fin de ano 2013 ata 78 días no primeiro trimestre do 2014. No ano 2014, se pagaron 382 facturas dentro do prazo legal de 60 días e 920 facturas se pagaron fóra desde prazo, excedéndose unha media de 54,98 días. Isto pode deberse ás operacións propias do peche e apertura do exercicio, tal como se comentou anteriormente.

2) Periodo medio de pendente de pago:

O número medio de días que as facturas permaneceron en pendente de pago foi de 74 días a fin de 2013 e no ano 2014 baixou a 63 días, en coherencia co dato de periodo medio de pago.

Durante o primeiro trimestre de 2014, 893 facturas permaneceron en pendente de pago dentro do periodo legal, mentras que 290 estiveron en pendente de pago máis alá de 60 días.

3) Facturas que transcorreron máis de tres meses sen que se recoñecese a obriga de pago.

A 31 de marzo de 2014 figuran 55 facturas que ascenden a 362.668,94€ e nestes momentos estanse a revisar estes documentos para determinar si poden ser obxecto de baixa no rexistro de facturas.

4) Facturas pagadas, facturas pendentes de pago e facturas pendentes de pago de máis de tres meses:

Se observa que no cuarto trimestre do 2013, e coincidindo coas operacións propias co peche do exercicio, aumentan significativamente os pagos feitos das facturas ata 16.344.479,24€. Como consecuencia desto, as facturas pendentes de pago (7.767.012,77€), especialmente as que están fóra do período legal de pago alcanzan o importe máis baixo de todo o período analizado (1.578.891,56€).

No primeiro trimestre do ano 2014 o importe de pagos feitos (6.660.673,44€) descende a niveles cercanos ó terceiro trimestre do 2013 (8.295.413,06€) e o número de facturas pendentes de pago aumenta lixeiramente ata 8.968.861,29€

Este feito pódese explicar polas operacións propias dos procesos de peche e apertura do exercicio.

5) Facturas pendentes de pago, desglosadas segundo estean en fase de obriga recoñecida ou en fases anteriores:

Os datos mostran que o efecto peche de exercicio fai que casi todas as facturas pendentes de pago a 31 de decembro de 2013 están en fase de obriga recoñecida (7.363.623,18€), mestras que as que están en fases anteriores descenden a 403.389,56€

No primeiro trimestre do ano 2014 a tendencia invírtese, e casi todas as facturas en pendente de pago están en fases previas ó recoñecemento da obriga, alcanzando os 8.765.781,41€. Este importe resulta elevado polo que habería que analizar cales son os motivos, se ben un factor importante a ter en conta son os prazos medios nos que os centros xestores dan a conformidade ás facturas.”

11. DAR CONTA DO MARCO ORZAMENTARIO DO CONCELLO ANOS 2014-2017.

Dáse conta ao pleno do decreto da concelleira delegada da área de facenda e administración pública que leva data do 31 de marzo de 2014, co contido que a seguir se transcribe:

“ANTECEDENTES DO MARCO ORZAMENTARIO PARA OS ANOS 2014 A 2017

A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, establece no seu artigo 6 a obriga de remitir información sobre os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos das entidades locais.

O marco orzamentario da entidade local ten que elaborarse a nivel consolidado conforme a normativa de estabilidade orzamentaria, nese sentido, se tiveron en conta para o Concello de Santiago, os entes dependentes que se califican “non de mercado”: o organismo autónomo Auditorio de Galicia e a sociedade municipal INCOLSA.

Os datos económicos que figuran neste marco, parten dos datos do orzamento do ano 2014 e teñen en consideración as medidas aprobadas no Plan de Axuste en sesión plenaria do 30 de marzo de 2012.

Para o plan orzamentario a medio prazo, se teñen estimados un incremento dos **ingresos correntes** derivados de evolución tendencial dun 4,13% para o ano 2015, dun 4,40% para o ano 2016 e dun 4,56% para o ano 2017. Este aumento ven xustificado polo incremento anual nestes anos, do 10% da base liquidable do imposto de ben inmobles como consecuencia da redución do coeficiente reductor pola revisión catastral. O resto da variación ven explicada polo incremento estimado do PIB para estes anos e se aplica unicamente nos ingresos derivados da cesión de impostos do Estado, no capítulo 3 “taxas, prezos públicos e outros ingresos” e no capítulo 4 “transferencias correntes”.

Nos capítulos 6 e 7 que agrupan as **operacións de capital**, unicamente se ten previsto o incremento derivado do PIB nas transferencias de capital, non prevíndose ningunha estimación de ingreso para os derivados da enaxenación de inversións para os anos 2015, 2016 e 2017.

Por último tampouco se ten estimado ningún ingreso derivado de pasivos **financeiros** para os anos 2015, 2016 e 2017, recolléndose unicamente os ingresos derivados da devolución de préstamos ao persoal cun importe constante para o período contemplado.

O resultado totalizado dos ingresos estimados para os anos 2015 a 2017 reflicte unha diminución do 2,26% para o ano 2015, e un incremento do 4,34% e 4,49% para os anos 2016 e 2017. O cambio de signo débese á diminución dos ingresos por pasivos financeiros do ano 2015 con respecto o ano 2014.

En importes totais as cantidades estimadas serían:

ANO	INGRESOS TOTAIS ESTIMADOS	VARIACIÓN
2014	101.958.415,54	
2015	99.658.338,59	-2,26%
2016	103.982.736,02	4,34%
2017	108.652.943,90	4,49%

En canto ós aspectos máis relevantes da evolución dos **gastos orzamentarios**, se estima para os gastos correntes un incremento igual co PIB: o 1,50%, 1,70% e 1,90% para os anos 2015, 2016 e 2017 respectivamente. O capítulo 3, gastos financeiros, que se estima de acordo cos cadros de amortización previstos, apenas se incrementarían un 0,06% para o ano 2015 e diminuirían un 17,34% e 19,56% os anos 2016 e 2017. Por tanto, a variación total dos **gastos correntes** é do 1,47% para o 2015, do 1,30% para o 2016 e do 1,53% para o 2017.

Os gastos de transferencias de capital (capítulo 7) seguen a mesma estimación de crecemento que o PIB, é dicir un 1,50% para o ano 2015, un 1,70% para o 2016 e un 1,90% para o 2017. Os gastos de inversións (capítulo 6) se teñen estimado por diferenzas entre a previsión de ingresos e gastos polo que o seu importe depende das estimacións feitas anteriormente. En termos de variación, diminuirían no ano 2016 nun 46,92% e incrementaríase para os anos 2016 e 2017 nun 57,69% e 36,45% respectivamente. A variación total dos **gastos por operacións de capital** é -35,98% para o 2015, 43,81% para o 2016 e 30,39% para o 2017.

Os gastos financeiros son constantes no caso do capítulo 8 Activos **financeiros** para todo o período. No capítulo 9 estes gastos veñen determinados polas amortizacións calculadas segundo os contratos de préstamos vixentes, incrementándose para o ano 2015 nun 9,69% polo efecto do fin da carencia do préstamo do Plan de Pagos a Provedores e manténdose case constante arredor do 0% para os anos 2016 e 2017.

En importes totais as cantidades estimadas serían:

ANO	GASTOS TOTAIS ESTIMADOS	VARIACIÓN
2014	101.900.845,83	
2015	99.658.338,59	-2,20%
2016	103.982.736,02	4,34%
2017	108.652.943,90	4,49%

En canto á **evolución do capital vivo** das operacións de endebedamento á longo prazo que ten concertado ó Concello, a finais do ano 2014 se estiman en 50.516.015,95€ diminuindo no ano 2015 ata 41.513.169,05€, no ano 2016 a 32.568.785,29€ e no ano 2017 a 23.538.351,40€

Finalmente, hai que sinalar que durante os anos 2014, 2015, 2016 e 2017 que abarca o marco orzamentario exposto, a **capacidade de financiación** calculada coma diferenza entre os ingresos e gastos non financeiros, se estima positiva.

CONSIDERACIÓNS

Considerando a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, que establece no seu artigo 6 a obriga de remitir información sobre os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos orzamentos das entidades locais.

Considerando as atribucións concedidas á Xunta de Goberno Local no artigo 127 da Lei de Bases de Réxime Local e o acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de febreiro de 2013 no que se delega na Concellaría de Facenda e Administración Pública a competencia sinalada na letra g) do artigo 127.1 da Lei de Bases de Réxime Local,

En virtude do exposto, **RESOLVO** aprobar o marco orzamentario que se contén no cadro anexo para o Concello de Santiago e os seus entes dependentes non de mercado para os anos 2014-2015-2016-2017.”

12. DAR CONTA DA DOCUMENTACIÓN REMITIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO DE 2014, RELATIVA AO SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE.

Dáse conta ao pleno da documentación remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, relativa ao seguimento do Plan de Axuste correspondente ao primeiro trimestre do exercicio de 2014.

13. DAR CONTA DE PERSOAMENTOS, SENTENZAS E OUTRAS INCIDENCIAS EN RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS.

Dáse conta ao pleno das seguintes sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia:

Sentenza 14/2014, do 16 de xaneiro de 2014, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario 4575/2010, interposto contra a aprobación definitiva do plan especial de ordenación do Campus Universitario (PE-8).

Sentenza 287/2014, do 27 de marzo de 2014, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario 4110/2011, interposto contra a aprobación definitiva do plan especial de ordenación do Campus Universitario (PE-8).

Sentenza 286/2014, do 27 de marzo de 2014, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario 4111/2011, interposto contra a aprobación definitiva do plan especial de ordenación do Campus Universitario (PE-8).

Sentenza 274/2014, do 27 de marzo de 2014, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no procedemento ordinario 4761/2007, interposto contra a aprobación definitiva do plan xeral de ordenación municipal.
O que se lle comunica para os efectos oportunos.

14. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta dos decretos ditados polo señor alcalde e polas concellarías delegadas do 8 de abril ao 10 de maio de 2014 (núms. 2491 ao 3427).

Dase tamén conta ao pleno das actas das seguintes sesións da Xunta de Goberno:

Sesión extraordinaria urxente do día 7 de abril de 2014 (número 24).

Sesión ordinaria do día 10 de abril de 2014 (número 25).

Sesión ordinaria do día 16 de abril de 2014 (número 26).

Sesión ordinaria do día 24 de abril de 2014 (número 27).

Sesión ordinaria do día 30 de abril de 2014 (número 28).

Sesión extraordinaria urxente do día 2 de maio de 2014 (número 29).

15. DAR CONTA DE ESCRITO DE RENUNCIA AO CARGO DE CONCELEIRO DE DON ADRIÁN VARELA SARANDESES.

Dáse conta do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello con data 27 de maio de 2014, número 25598, polo concelleiro Don Adrián Varela Sarandeses, polo que renuncia a súa condición de concelleiro en virtude do que dispón o artigo 9.5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

O escrito é do seguinte teor literal:

“Don Adrián Varela Sarandeses do DNI número 33000547-C Concejal del Concello de Santiago de Compostela, integrado en el grupo político del Partido Popular.

EXPONE:

Que mediante el presente escrito comunica al Concello de Santiago su renuncia, por motivos personales, al cargo de concejal del Concello de Santiago de Compostela, así como a las obligaciones derivadas de dicha condición.

SOLICITA:

La puesta en conocimiento del Pleno de esta renuncia y el cumplimiento de los trámites que sean necesarios ante la Junta Electoral Central.”

Dona María Castelao di que non lle gustaría que ningún dos compañeiros que levan compartindo con ela estes tres anos de mandato marchasen sen ser correspondidos polo seu traballo desenvolto ao longo destes anos.

Son conscientes da situación excepcional destes días, a todos lles colleu por sorpresa a demisión do seu compañeiro Adrián Varela.

Ela foi a primeira a quen lle colleu por sorpresa, aínda que sabía da súa situación persoal e do que lle estaba a afectar como persoa todas as cuestións que foron saíndo á luz pública nos últimos tempos. É difícil para unha familia poder afrontar a presión a que estivo sometido. É difícil para unha persoa tamén aceptar esa presión, e cre que é unha cuestión que honra a Adrián Varela esa demisión, pola cidade, polos seus cidadáns e polo partido que representa, que é o Partido Popular, e tamén por el e pola súa familia.

Gustaríalle tamén recordar o que leva traballado Adrián neste tempo, porque foron moitos os eventos e cuestións que xestionou dende a súa concellaría de deportes, como a posta en marcha das carreiras corresan, que están a ser un éxito, e que son referencia en toda Galicia; o circuito de DTT, ou a posta en funcionamento do estadio do SERGAS, ou tamén, a realidade que será este ano o campo de fútbol do Conxo, cun plan para o futuro e tamén neste campo en concreto.

A apertura tamén do centro do Santiago Apóstolo como centro para levar a cabo actividades minoritarias como hockey, e os arranxos que tan necesarios eran no estadio de San Lázaro.

A contrarreloxio da volta a España que chegou aquí que tamén foi un éxito por parte desa concellaría, e tamén o será este ano, por terceira vez, única na historia, a chegada e a final da volta de España á Praza do Obradoiro.

O seu traballo foi constante, e foi tamén moi individual con todas as entidades deportivas e cre que o esforzo que el realizou non se lle pode negar. Tamén lle queda o recordo do Adrián co que puido compartir momentos difíciles, como foi o accidente do Alvia, que fóra das súas competencias, asumiu a xestión da traxedia no Multiusos do Sar, estando dous días sen pasar sequera pola súa casa, e vivindo momentos complicados como os que todos tiveron que estar xestionando esa cuestión.

Nunca esquecerá a imaxe de Adrián cando chegou ao multiusos de Sar, e o terrible do que alí se podía ver, a pesar de que ela estaba no CERSIA comprobando a situación das familias.

Por iso non se queda só co Adrián traballador e xestor, quédase tamén co Adrián persoa. Di que leva moitos anos compartidos con el dentro do Partido Popular, e dende aquí quere desexarlle o mellor no seu futuro profesional e sobre todo no seu futuro persoal. Cree que a decisión que tomou hónrao, e cre que é compartido por todos os seus compañeiros. Desexa que se solucionen todas as cuestións nas que está envolto, e que poida volver á tranquilidade da súa vida ordinaria.

O pleno da corporación queda enterado da renuncia de Don Adrián Varela Sarandeses á súa condición de concelleiro do Concello de Santiago de Compostela, con efectos a partir do día 28 de maio de 2014.

16. ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.-

ROGO.-

1. Rexistro de entrada do día 19 de maio de 2014, núm. 104, solicitando a recuperación da Fonte Sequelo, na rúa Xelmírez.

PREGUNTAS.-

1. Rexistro de entrada do día 28 de abril de 2014, núm. 96 (para a súa resposta por escrito), relativa aos contratos das persoas que prestan servizos nas concesionarias municipais URBASER e ISS.

2. Rexistro de entrada do día 30 de abril de 2014, núm. 97 (para a súa resposta por escrito), relativa a derruba do muro que rodea a Finca do Espiño.

ROGOS E PREGUNTAS DO PSdeG-PSOE.-

ROGOS.-

1. Rexistro de entrada do día 15 de maio de 2014, núm. 101, solicitando intervención na vivenda de Campo de San Antonio, núm. 14.

2. Rexistro de entrada do día 16 de maio de 2014, núm. 103, solicitando que a concelleira da área de servizos sociais explique a situación na que se atopa o expediente aberto á empresa CLECE, SA.

O señor alcalde expón que hai dous rogos do grupo socialista e un do grupo nacionalista. O primeiro rogo do grupo socialista en relación co Campo de Santo Antonio, vai expoñelo señora Martín.

Dona Mar Martín expón que existe no Campo de Santo Antonio unha infravivenda que está a ser utilizada como pensión por persoas en situación de exclusión social, con graves problemas de integración por diversos motivos, esencialmente por motivos de adicción. Iso conleva serios problemas de convivencia veciñal, que alteran a vida do barrio, problemas sanitarios, de saúde, de marxinalidade e incluso de seguridade.

O aloxamento carece de saneamento, algunhas das habitacións non teñen fiestras, en xeral, non contan coas mínimas condicións de habitabilidade, salubridade e hixiene. Nel conviven numerosas persoas. Existe un expediente xa aberto en servizos sociais en relación coas condicións nas cales viven ou se amorean persoas nestas vivendas, que por outro lado, funciona como pensión, e a xente paga.

A situación é difícil, porque as persoas son de difícil ubicación. Xa se intentou no seu momento, pero o expediente quedou parado polas eleccións municipais. O rogo é que se retome o expediente iniciado para pechar este establecemento e que se recoloquen ás persoas que alí residen.

Dona María Castelao indica que as actuacións no Campo de Santo Antonio comezaron no ano 2007, ano no que estaba outra corporación no goberno municipal, e parece que non era tan sinxelo solventalo.

Indica que a policía local segue a remitir información tanto a servizos sociais, como tamén ao xulgado, da situación. Tamén o departamento de sanidade do concello e nestes momentos e ao longo dos últimos meses, as traballadoras sociais, Ana Caamaño e Pilar Couto, levan realizado actualizacións continuadas das persoas residentes no Campo de Santo Antonio. A razón é que hai unha gran mobilidade de residentes.

Di que sería máis sinxelo se forán sempre os mesmos, porque é moito máis fácil traballar con residentes permanentes. Conseguiuse o realoxo de varias persoas

residentes no inmoble que aceptaron o apoio da administración para o cambio de vivenda. Deuse tamén conta ao xulgado da situación, dalgunha situación individual de risco social, e a través do equipo de dinamización urbana, realizouse un labor na búsqueda de vivenda alternativa con varias persoas residentes neste inmoble. Todo iso ademais da coordinación con diferentes entidades como Cruz Vermella, Cáritas e Centro Vieiro, Cociña Económica, Xoán XXIII, Don Bosco, etc., na intervención tanto individual, como comunitaria, das persoas que alí residen.

Na actualidade é difícil o peche da vivenda, porque pertence a unha persoa que lle cede ás persoas que se achegan alí a vivenda, é complicado. Di que está a traballar a súa compañeira María Pardo nese sentido. Eles dende servizos sociais traballan na liña de recuperar as persoas que alí residen e dende urbanismo, cónstalle que están a traballar en busca dunha fórmula para poder solucionar esta cuestión.

Don Gonzalo Muíños intervéen en relación co rogo referido á empresa CLECE. Di que a concelleira delegada de educación e servizos sociais, en resposta a outro rogo presentado por el mesmo, en relación ao expediente aberto á empresa CLECE, empresa que xestiona as escolas infantís de Conxo e Fontiñas dixo literalmente: “que o expediente está en marcha e nos días seguintes nomearase un funcionario que será o que instrúa ese expediente sancionador”.

Indica que transcorridos dous meses e ao non ter nova ningunha ao respecto, o grupo municipal socialista vese na obriga de volver a traer ao pleno un novo rogo, no que a concelleira delegada da área de servizos sociais, explique aos membros do pleno, cal e a situación na que se atopa o expediente aberto á empresa CLECE, polos incumprimentos do contrato relativo á xestión das escolas infantís de Conxo e Fontiñas, detallando as actuacións levadas a cabo no expediente, dende o pleno ordinario de marzo, no que se tratou este mesmo asunto.

Dona María Castelao expón que se están a levar a cabo actuacións dende o primeiro momento. Na fase previa remitíronlles un oficio a CLECE con todas as deficiencias detectadas polo departamento. Eles contestaron coas súas alegacións, e recentemente, o funcionario responsable do departamento de educación, emitiu un informe que se atopa agora mesmo na secretaría municipal, que revisará e pasará de novo a contratación, que é a quen lle corresponde trasladar a Xunta de Goberno, o relativo ao expediente sancionador. Engade que ela mesma como concelleira fará propio o informe do servizo de contratación en relación ao prego de condicións. Cre que se non é na vindeira xunta de Goberno, na seguinte resolverase por fin esta cuestión.

Gustaríalle tamén dar conta, de que actualmente as garderías están perfectamente atendidas. A última inspección da Xunta de Galicia valorou dunha forma positiva a xestión das garderías. Pola súa banda, ela cada certo tempo reúnese cos traballadores e

tamén coa empresa, para revisar as incidencias que seguen presentando os pais de cando en vez, relativas a diferentes cuestións. Di que lles preocupaba a todos, que é o expediente sancionador ,ela comprometeuse a que se ía executar e así será.

Dona Elvira Cienfuegos expón que persoas que levan ducias de anos vivindo no contorno de Fonte Sequelo din non recordar a fonte sen auga. Agora, e despois dun tempo da súa restauración, a fonte deixou de botar auga coa conseguinte preocupación da veciñanza como ben lle consta ao goberno municipal. No BNG saben porque así se lles trasladou, que se están buscando solucións ao problema, e queren coñecer os avances ata o día de hoxe. O seu rogo ten por obxecto que se restableza canto antes o subministro da auga en Fonte Sequelo.

Dona María Pardo Valdés indica que son conscientes da situación na que está a fonte. Nun primeiro momento, posto que esa fonte pasa por períodos de sequía, estiveron a esperar un pouco para ver a situación. Posteriormente, encargouse un informe que fixo a OCIHR de 11 de maio. Di que a fonte trala restauración estivo a funcionar con normalidade e indica que pode haber tres hipóteses en canto a que non emane auga: unha é un acto de vandalismo que se introducise algún elemento, pero Aquagest comprobouno metendo auga a presión, e ese non é o problema, quedou descartado. As outras dúas hipóteses que se manexan é un desprendemento do canal de pedra histórica, ou o secado do manantial. Vai procederse nas próximas semanas ao levantamento de 12 metros cadrados de pedra na zona de atrás, localizado polos servizos de arqueoloxía do Concello de Santiago e inspeccionar a situación na que se atopa, para descartar e comprobar as situacións e poñerlle remedio canto antes mellor.

O señor alcalde precisa que podería provir dun problema diferente, incluso do nivel freático, que oscila bastante en Santiago, e destaca que non cre que sexa por razón das obras feitas polo Consorcio, senón probablemente por un problema no propio acuífero.

Dona María Pardo precisa que as obras do Consorcio, só se referiron á instalación dos elementos propios da fonte, e o manantial está a dez metros, non está mais lonxe.

17. MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.-

1. Rexistro de entrada do día 30 de abril de 2014, núm. 98, para demandar o sistema de préstamo universal de libros de texto no ensino público.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, para demandar o

sistema de préstamo universal de libros de texto nos centros de ensino público de Santiago de Compostela.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vindeiro curso 2014/2015, a LOMCE entrará en vigor en 1º, 3º e 5º de Primaria e 1º de Formación Profesional Básica, o que obrigará o estudantado destes niveis a adquirir manuais adaptados aos novos decretos de ensinanzas mínimas. Isto, unido ao recorte do 40% do programa de financiamento de libros de texto e material escolar no ensino obrigatorio respecto ao ano anterior, pode provocar que unha parte do alumnado non poida acceder aos manuais necesarios para seguir as clases con normalidade.

A Confederación de ANPA galegas defende que non é un problema de prioridades das familias, como afirma o ministro de Educación cando se cuestionan os recortes nas axudas sociais á educación. É un problema de dereitos e, por tanto, é o titular de Educación quen debe ter como prioridade garantir ese dereito.

Como denuncia un recente informe do “Defensor del Pueblo” entende que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos e todas a estes estudos, e considera por iso que dito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que esixe medidas que fagan posíbel o acceso do alumnado aos mesmos sen ningún custo”) o curso pasado xa se produciu unha diminución moi significativa de receptores das axudas para a compra de libros de texto, que pasaron de tres a dous millóns de alumnos e alumnas. Así mesmo, houbo unha redución das contías, tanto das achegas do Estado español como na Galiza, cuxa suma pasou de 250 millóns a 166, un 35% menos que o ano anterior. Precisamente iso acontece cando máis urxente era que esas cantidades se incrementasen, dadas as necesidades das familias pola crise económica.

O dereito fundamental á educación esixe que se dean conxuntamente determinadas condicións -boa parte das cales están implícita ou explicitamente fixadas polo texto constitucional-, cuxa garantía de cumprimento corresponde aos poderes públicos. Ademais, para que todo isto sirva á súa finalidade, hai que situar o alumnado nunha posición real de igualdade no acceso e mantemento do seu dereito á educación.

Entendemos que o carácter gratuíto do ensino nos niveis educativos obrigatorios constitúe un instrumento dirixido a garantir o acceso de todos a tales estudos, e considera por iso que o devandito carácter gratuíto debería facerse extensivo aos libros de texto ou material didáctico utilizados para cursar os referidos niveis, o que esixe medidas que fagan posíbel o acceso de alumnos e alumnas a estes sen ningún custo.

Esta opinión foi avalada e compartida polo Consello Escolar do Estado, que no seu informe do curso 1998-1999 di: «A Constitución española é taxativa. A Educación básica é obrigatoria e gratuíta. Os libros de texto ou material didáctico que for preciso para impartir a educación básica e, por tanto, para garantir o dereito fundamental á Educación, terá que ser gratuíta».

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago demanda á Xunta de Galiza:

1. A volta ao sistema de préstamo universal de libros de texto.
2. Que se avance na gratuidade dos medios que se utilicen no ensino público.
3. Que se doten os centros de persoal abondo para xestionar axeitadamente o sistema de préstamo.
4. Que non se cambien os libros de texto para o vindeiro curso escolar naqueles cursos en que se vai implantar a LOMCE.

2. Rexistro de entrada do día 22 de maio de 2014, núm. 107, para denunciar o atraso na tramitación de novas axudas RISGA.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, para demandar que se axilicen novas axudas RISGA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No último informe remitido polo Valedor do Pobo ao Parlamento galego podemos ler o seguinte: “Este ano, como os inmediatamente anteriores, produciuse un aumento nas solicitudes de axudas sociais ante situacións de necesidade, como son as Rendas de Integración Social de Galicia ou as Axudas de Emerxencia Social. Tamén medrou o número de queixas en relación con elas, sobre todo por denegacións que se consideraban inxustificadas ou por atrasos nas resolucións deses procedementos, que pola súa proia natureza deben resolverse con urxencia.”

Nesta liña, son varios os concellos e tamén as persoas que denunciaron os atrasos de máis de sete ou oito meses de retrasos e incumprimentos nas tramitacións da RISGA e da AES. Cómpre lembrar que a *Lei de Inclusión de Galiza* recolle o seguinte:

“Artigo 37. Resolución

Unha vez finalizada a instrución do expediente, o órgano competente de ámbito provincial da Administración autonómica elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude da RISGA en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver.”

No recente informe de Cáritas española podemos comprobar como os datos a pobreza ofrecen un panorama desolador, sobre todo na Galiza. O informe sinala que na Galiza a pobreza infantil pasou dun 16,9% en 2007 a un 22,2% en 2012. Asemade, indica que 30.000 fogares non reciben ningún tipo de ingresos, e son xa unhas 465.000 persoas as que viven na Galiza baixo o limiar da pobreza.

Á luz destes datos, e dado que estas axudas para poder facer fronte a situacións de extrema necesidade e pobreza teñen urxencia para as persoas demandantes, consideramos urxente o que se cumpra a Lei de Inclusión social de Galiza e que se poñan en marcha de inmediato de maneira urxente a tramitación das axudas da RISGA, para o que se deben cumprir os prazos que se establecen a este respecto.

Por outra banda, este incremento de persoas en exclusión social, consecuencia das erráticas políticas económicas aplicadas durante as crise, converten en papel mollado os propagandísticos anuncios da Xunta relativos ao incremento da dotación na RISGA para 2014, de apenas 7 millóns de euros, cando para o pagamento da débeda se consignaron sete veces máis (53 millóns de euros), e demostran a necesidade de achegar máis fondos públicos para as solicitudes se resolveren en prazo e para non incorrer en demoras inxustificábeis.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a cumprir coa Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión social de Galiza que, no seu artigo 37, recolle como prazo para a resolución dunha solicitude de RISGA dous meses.

2. Instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social.

3. Rexistro de entrada do día 22 de maio de 2014, núm. 108, para modificar o Real Decreto de servidumes aeronáuticas que discrimina as peculiaridades urbanística de Galicia.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, para solicitar a modificación do Real Decreto de Servidumes Aeronáuticas que discrimina as peculiaridades urbanísticas de Galiza, ao non contemplar a figura do Solo de Núcleo Rural e de cara a igualar os trámites aos relativos ao Solo Urbano Consolidado para a obtención de licenza de obra menor por parte da Axencia Española de Seguridade Aeronáutica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa entrada do Real Decreto 297/2013, todos os expedientes de obras que se atopan dentro da zona servidume aeronáutica, neste caso, do aeroporto de Santiago de Compostela deben ser remitidos á Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA), agás as que se atopan en núcleo urbano consolidado.

Este Real Decreto provoca que se demore o procedemento de obtención de licenza para realizar obras menores en Solo de Núcleo Rural, unha figura que só existe no noso país, posto que a normativa estatal non atende a diferenciación entre Solo de Núcleo Rural e Solo de Núcleo Urbano.

Esta norma estatal discrimina a Galiza porque non contempla outras posibilidades que non sexan solo de núcleo urbano e, polo tanto, as peculiaridades urbanísticas do noso país e o noso asentamento no territorio de xeito diferente ao do resto do Estado español.

Cómpre, pois, modificar esta norma para eliminar a esixencia de solicitar esa autorización á Axencia Estatal de Seguridade Aérea para calquera obra que non supere os 20 metros de cota sobre a rasante natural do terreo existente, ademais de considerar o Solo de Núcleo Rural como Solo de Núcleo Urbano a estes efectos.

Esta circunstancia acrecenta os problemas derivados da excesiva burocratización para conseguir a licenza de obra menor, para casos como poden ser un simple retellado, o arranxo de fachada, a substitución de carpinterías ou mesmo a construción dun peche de parcela en Solo de Núcleo Rural. Ao ser preciso solicitar permiso á AESA, se dilatará a concesión de licenza en até seis meses (iso no caso de recibir contestación, en caso contrario non se obtería licenza posto que se entende denegado).

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- O Concello de Santiago de Compostela insta ao Congreso a modificar o Real Decreto de Servidumes Aeronáuticas que discrimina as peculiaridades urbanísticas de Galiza.

- O Concello de Santiago de Compostela insta ao Ministerio de Fomento e á AESA a que, para expedir as licenzas de obra menor na zona de servidume do aeroporto de Lavacolla, se teña en conta o Solo de Núcleo Rural como Núcleo Urbano Consolidado.

- O Concello de Santiago de Compostela insta á Xunta de Galiza a que medie co Ministerio de Fomento e a AESA neste asunto.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE.-

1.- Rexistro de entrada do día 26 de maio de 2014, núm. 109, relativa ao IVE do sector cultural.

“O Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago de Compostela presenta diante do Pleno da Corporación a seguinte Moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación que vive o sector cultural do noso país por mor da crise económica é especialmente delicada, acentuada polo efecto que tivo en amplas capas da poboación galega -en concreto nos sectores máis desfavorecidos e nas clases medias- o incremento do IVE do 8% ao 21%, o que supuxo un auténtico pau á creación, produción e difusión cultural en Galicia.

No caso de Santiago de Compostela, urbe que ten como un dos seus signos de identidade máis significativos o de ser unha “cidade de cultura”, sofre aínda máis, se cabe, os efectos do importante descenso no consumo cultural nos últimos anos, parello á implantación do 21% no IVE. A creación artística, a produción musical, escénica e audiovisual e a industria cultural en xeral están en franca decadencia cun claro efecto sobre o emprego neste sector.

Co fin de poder contribuír á recuperación deste sector e de fomentar o consumo cultural, entendendo que calquera esforzo neste sentido é de por si un investimento de futuro para a nosa cidade e para a sociedade galega en xeral, o grupo municipal socialista presenta ao Pleno desta Corporación a seguinte

PROPOSICIÓN

Que o Pleno do Concello de Santiago acorde instar ao Goberno do Estado a fin de que cambie a proposta de modificación do tipo impositivo do IVE cultural materializando

unha rebaixa do mesmo que fixe o tipo no 4%, contribuíndo así ao fomento da produción das industrias culturais, o que redundará positivameante na economía do noso país.

O señor alcalde indica que van a aceptar a urxencia dunha moción do Bloque Nacionalista Galego, para modificar o Real Decreto de servidumes aeronáuticas, e outra do grupo socialista, para demandar a modificación do IVE cultural, que se estableza no 4 por cento.

Sometida a votación a toma en consideración da urxencia das mocións relativas ao Real Decreto de servidumes aeronáuticas e a referida a modificación do IVE cultural, o pleno a aproba dita toma en consideración por unanimidade dos presentes.

En relación coa moción referida ao préstamo universal dos libros de texto, dona Elvira Cienfuegos López di que non é a primeira vez que a gratuidade do ensino obrigatorio chega ao pleno de Santiago, a proposta dos grupos da oposición, despois de que o PP dende o goberno da Xunta optase por substituír o sistema de préstamo, polo de axuda ás familias con menos recursos. Dita medida contradí a Constitución, que establece claramente que a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta. A medida foi tan pouco acaída, que non tardou en propiciar que as ANPAS, nomeadamente as de Santiago promoveran bancos de libros nos centros educativos.

Hoxe persisten en reclamar a restitución do sistema de préstamo universal, que facilita o intercambio, promove valores e actitudes responsables e solidarias entre o alumnado, e permite o aforro das familias, que xa teñen que facer fronte a outro tipo de gastos.

Recentemente, a oficina do Defensor do Pobo, manifestou publicamente que o carácter gratuító nos niveis educativos obrigatorios debía facerse extensivo aos libros de texto, e material didáctico utilizado, de xeito que non tivera ningún custo para ao alumnado. A propia LOMCE establece na súa Disposición adicional quinta que o Ministerio promoverá o préstamo gratuító de libros de texto e outros materiais didácticos.

A LOMCE entrará en vigor o vindeiro curso, en primeiro, terceiro e quinto de primaria, e en primeiro de formación profesional básica, o que pode obrigar ao alumnado afectado a adquirir manuais específicos. Engade que ao mesmo tempo asisten a un recorte de axudas para o programa de financiamento dos libros de texto, o que aumentará as dificultades das familias para acceder aos materiais necesarios.

Polo tanto, e dado que este curso esta a piques de rematar e se está a preparar o vindeiro, entenden que é urxente que se debata no pleno a moción do BNG que propón que o concello demande da Xunta a volta ao sistema de préstamo universal de libros de texto, dotando aos centros de persoal suficiente para a súa xestión.

Que se avance na gratuídade de todos os medios que se utilicen no ensino obrigatorio, e dado que os bancos de libros están funcionando grazas ás ANPAS, e que os novos currículos LOMCE non están definitivamente aprobados, que non se cambien os libros de texto no vindeiro curso escolar, nin tampouco nos cursos nos que se vai implantar a LOMCE.

Rematado o debate, o pleno da corporación por 12 votos en contra correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 11 votos a favor correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdG-PSOE e aos do BNG, rexeita a toma en consideración da urxencia da moción relativa ao préstamo universal de libros de texto, ao non acadar o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Don Rubén Cela en relación á moción relativa á tramitación de novas axudas do RISGA di que no último informe remitido polo Valedor do Pobo ao Parlamento de Galicia, podíase ler o seguinte e lee textualmente: “Este ano como os inmediatamente anteriores, produciuse un aumento na solicitude de axudas sociais ante situacións de necesidade como son as rendas de integración social de Galicia ou as axudas de emerxencia social.

Tamén medrou o número de queixas en relación con elas, sobre todo, por denegacións que se consideraban inxustificadas, ou por atrasos nas resolucións deses procedementos que pola súa propia natureza deben resolverse con urxencia.

Nesta liña son varios os concellos e tamén as persoas que teñen denunciado os atrasos de máis de sete ou oito meses en incumprimentos nas tramitacións tanto da RISGA, como das axudas de emerxencia social.

Cómpre lembrar nese sentido, que a Lei de inclusión social de Galiza, recolle no seu artigo 37 o seguinte: unha vez finalizada a instrución do expediente, o órgano competente de ámbito provincial da administración autonómica elaborará a correspondente proposta de resolución e ditará resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses dende a entrada de solicitude da RISGA en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver.”

Indica a continuación que no recente informe de Cáritas Española, que tanto lles gusta ao señor de Guindos e Montoro, pode comprobarse como os datos de pobreza ofrecen un panorama desolador en toda Galicia. O informe sinala que en Galicia a pobreza infantil pasou dun 16,9 por cento no 2007 a un 22,2 en 2012. Asemade indica que hai trinta mil fogares que non reciben ningún tipo de ingreso, e xa son 465 mil as persoas que viven en Galicia baixo o limiar da pobreza. No caso de Santiago viven unhas

22.000 persoas en risco de exclusión social, das cales 4000 están nunha situación de pobreza extrema.

Á vista destes datos, e dado que estas axudas para poder fronte a situacións de extrema necesidade e pobreza, teñen urxencia para as persoas demandantes, consideran urxente que se cumpra a Lei de inclusión social de Galicia, e que se poña en marcha de inmediato, de maneira urxente, a tramitación das axudas da RISGA, para o que se deben cumprir os prazos que se establecen ao respecto.

Por outra banda, indica que este incremento de persoas en exclusión social consecuencia das erradas políticas económicas aplicadas durante a crise, converten en papel mollado os propagandísticos anuncios da Xunta relativos ao incremento da dotación da RISGA para o 2014, de apenas sete millóns de euros, cando en pagamento da débeda consignáronse sete veces máis, 53 millóns de euros; e demostran a necesidade de achegar máis fondos públicos para que as solicitudes se resolvan en prazo, para non incorrer en demoras inxustificadas.

Por todo isto o que demandan é que a Xunta de Galiza cumpra coa Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión social que no seu artigo 37 recolle como prazo para a resolución dunha solicitude de RISGA, dous meses.

Tamén instar á Xunta de Galiza a incrementar a dotación de fondos no programa da RISGA ante o incremento de persoas en situación de exclusión social.

Sometida a votación, o pleno da corporación por 12 votos en contra correspondentes aos membros do grupo municipal do partido popular, e 11 votos a favor, correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdG-PSOE e aos do BNG, rexeita a toma en consideración da moción relativa á tramitación do RISGA, ao non acadar o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Trala aprobación da toma en consideración da súa urxencia, a seguir don Rubén Cela vai defender o contido da moción relativa ao Real Decreto de servidumes aeronáuticas.

Sinala que coa entrada en vigor do Real Decreto 297/2013, todos os expedientes de obras que se atopen dentro da zona de servidume aeronáutica, neste caso, na servidume aeronáutica do aeroporto de Lavacolla, deben ser remitidos á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, salvo as que se atopen en núcleo urbano consolidado.

Este Real Decreto provoca que se demore o procedemento de obtención de licenza para realizar obras menores en solo de núcleo rural, unha figura que só existe no noso país, posto que a normativa estatal non atende a diferenza entre solo de núcleo rural e solo de núcleo urbano.

Esta norma estatal, discrimina a Galicia porque non contempla outras posibilidades que non sexan solo de núcleo urbano e, polo tanto, as peculiaridades urbanísticas do noso país e do noso asentamento no territorio, de xeito diferente ao do resto do Estado español.

Dende o seu punto de vista, habería que modificar esta norma para eliminar a esixencia de solicitar esa autorización á Axencia Estatal de Seguridade Aérea para calquera obra que non supere os 20 metros de cota sobre a rasante natural do terreo existente, ademais de considerar o solo de núcleo rural como solo de núcleo urbano para estes efectos.

Esta circunstancia acrecenta os problemas derivados da excesiva burocratización para conseguir a licenza de obra menor, para casos como poden ser un simple retellado, o arranxo de fachada, a substitución de carpinterías ou mesmo a construción dun peche de parcela, nun solo de núcleo rural, porque é preciso solicitar ese permiso á Axencia Estatal, o que vai dilatar a concesión desa licenza en ata seis meses; iso no caso de recibir contestación, porque no caso contrario, non obtería licenza posto que se entende denegado.

Por todo isto, di que o grupo municipal do BNG o que solicita con esta moción son tres cousas:

Que o Concello de Santiago de Compostela inste ao Congreso a modificar o Real Decreto de Servidumes Aeronáuticas que discrimina as particularidades urbanísticas do noso país.

Que o Concello de Santiago de Compostela inste ao Ministerio de Fomento e á AESA a que, para expedir as licenzas de obra menor na zona de servidume do aeroporto de Lavacolla, se teña en conta o solo de núcleo rural como núcleo urbano consolidado.

E que o Concello de Santiago de Compostela inste á Xunta de Galiza a que medie co Ministerio de Fomento neste asunto.

Eles entenden que ten toda a lóxica que a Axencia Estatal de Seguridade Aérea teña coñecemento e teña posición sobre o que se pode facer e o que non se pode facer dende unha perspectiva de seguridade no aeroporto de Lavacolla. O que non ten ningún sentido é que para un simple retellado ou para un cambio nunha fachada, ou para un valado dunha parcela a moitos quilómetros do aeroporto de Lavacolla se teña que pedir esa licenza a Madrid; que iso se poida demorar ata seis meses, e sobre todo, que se existe silencio administrativo, que éste sexa negativo xa que isto é algo que afecta ao Concello de Santiago, pero non exclusivamente, pois concellos limítrofes, como Boqueixón, Ordes, Trazo e outros concellos que teñen parte da súa extensión territorial

baixo esta área de atención da Axencia de Seguridade Aérea, tamén vense claramente afectados.

Dona Mercedes Rosón di que esta é unha cuestión de sentido común. Cre que no plantexamento que fai a moción do grupo do BNG todos coinciden. Indica que a área de influencia do aeroporto de Santiago é tremendamente grande, afecta a moitos concellos limítrofes e a moitas parroquias do noso concello. Polo tanto o grupo municipal socialista apoia esta moción que pretende a modificación do Real Decreto de servidumes aeronáuticas, xa que claramente non está adaptado á realidade urbanística de Galicia.

A normativa urbanística de Galicia rexida pola LOUGA contempla unhas tipoloxías que a nivel estatal non existen. Dende a súa entrada en vigor o ano pasado está a provocar importantes retrasos e demoras na tramitación de licenzas en solos de núcleo rural. Por iso entenden que é moi urxente e necesario instar a que mentres que non se modifique o Real Decreto teña en conta o solo de núcleo rural como núcleo urbano consolidado, para axilizar todas as licenzas que estean en tramitación e instar tamén á Xunta de Galicia para que medie co Ministerio de Fomento e coa Axencia Estatal de Seguridade Aérea en todo este asunto. Remata anunciando o voto favorable do seu grupo.

Dona María Pardo, sinala que é un tema de sentido común, e di que o grupo municipal popular entende que é conveniente facer esa solicitude para obras menores, para obras de mantemento. Relata que xa na lei estatal do solo de 2007, reflectiuse esa equiparación de solo rural a solo urbanizado nesa lei, e neste caso, eles cren que corresponde tamén facer esa solicitude.

Sometido a votación o contido da moción relativa ás servidumes aeronáuticas o pleno da corporación, por unanimidade dos presentes acorda:

Instar ao Congreso a modificar o Real Decreto de Servidumes Aeronáuticas que discrimina as particularidades urbanísticas do noso país.

Instar ao Ministerio de Fomento e á AESA a que, para expedir as licenzas de obra menor na zona de servidume do aeroporto de Lavacolla, se teña en conta o solo de núcleo rural como núcleo urbano consolidado.

Instar á Xunta de Galiza a que medie co Ministerio de Fomento neste asunto.

Dona Mercedes Rosón defende a seguir o contido da moción referida á redución do IVE no sector cultural. Comeza expoñendo que o apoio á cultura constitúe unha ferramenta fundamental para o futuro de calquera sociedade. Os beneficios que a cultura comporta para a competitividade, a recuperación económica, ou a solidez produtiva dun país, non

resultan tanxibles de maneira inmediata, pero todas as análises realizadas ao redor da cuestión demostran que investir en cultura é investir no futuro do país.

A defensa da cultura resulta especialmente importante nas etapas de crise. Non pode pensarse que é un dos elementos superfluos dos cales se pode prescindir cando a sociedade se atopa nunha situación económica límite.

As situacións de grande dificultade económicas requiren aínda máis apoios á cultura. O feito de que o IVE aplicado aos produtos culturais pasase dun 8 por cento a un 21 por cento constitúe un auténtico mazazo á produción cultural no noso país. Afecta aos diversos ámbitos da cultura, encarece os produtos culturais, e consecuentemente, afasta o consumo cultural das capas da sociedade máis desfavorecidas. Así mesmo, esta medida tamén contribúe, a reducir o consumo cultural entre as clases medias, coas consecuencia previsibles para esta redución.

A presión sobre as industriais culturais supón tamén un atentado contra unha área laboral xa bastante precaria por sí mesma. O aumento do IVE cultural contribúe directamente á destrución de miles de postos de traballo nas diferentes industrias culturais. En moitas ocasións, o aumento do IVE cultural contribúe directamente á destrución das industrias culturais máis febles, entre as cales se atopan as realizadas en linguas minoritarias.

Trátase, polo tanto, dun ataque á cultura, e neste caso, á identidade colectiva. En calquera sociedade aberta o acceso universal á cultura constitúe unha das principais fontes para igualdade de oportunidades, principio que sempre cómpre perseguir dende as institucións públicas. Unha rebaixa do IVE cultural ten que contribuír necesariamente a fomentar a produción cultural, a xerar máis consumo cultural entre a poboación, e xeralizar máis o acceso á cultura, de forma que ao longo prazo terá tamén consecuencias positivas para a economía.

No caso de Santiago de Compostela, urbe que ten como un dos seus signos de identidade máis significativos o de ser unha cidade de cultura, sofre aínda máis se cabe, os efectos do importante descenso no consumo cultural nos últimos anos, parello á implantación do 21% no IVE. A creación artística, a produción musical, escénica e audiovisual e a industria cultural en xeral, están en franca decadencia, cun claro efecto sobre o emprego neste sector.

Co fin de poder contribuír á recuperación deste sector e de fomentar o consumo cultural, entenden que calquera esforzo neste sentido, é de por sí, un investimento de futuro para a cidade e para a sociedade galega en xeral. A seguir procede a dar lectura á moción.

Dona Elvira Cienfuegos dí que parece que debería de haber unanimidade ao respecto. Indica que o BNG e o PSOE teñen manifestado e reiterado públicamente a súa demanda de rebaixa do IVE cultural, e di que o PP ten a oportunidade de baixalo, aínda que en febreiro votou no Parlamento Galego en contra dunha proposición do BNG neste sentido. Reitera que o PP ten expresado dende o goberno do Estado a súa vontade de facelo en distintas ocasións; unha delas, cando a principios deste ano tomaron a decisión de rebaixar o IVE nas artes.

O propio Anxo Lorenzo, Director Xeral de Cultura de Galicia, referiuse a que o IVE de cultura tiña que baixar. A razón é que a crise está a afectar ao desenvolvemento dos distintos sectores culturais, que están atravesando un momento dramático: peches de salas, redución de actividades, disolución de compañías, cancelación de xiras. Para o BNG a cultura é unha ferramenta esencial para a cohesión e a transformación social para o fortalecemento da consciencia e da identidade nacional galega. Indica que á nosa produción cultural debería funcionar como elemento de dinamización e vertebración territorial, social e económica, no noso país no que ven a representar unha parte importante do PIB.

A pesar diso refírese a que están a asistir a un proceso de desmantelamento acelerado da cultura galega, que se está a expresar en forma de paro, precariedade e emigración para os nosos creadores e creadoras, e por outra parte, nunha limitación do acceso á cultura para milleiros de cidadáns e cidadás.

Engade que á falta de apoio público á cultura galega, debe sumarse a suba do IVE aos produtos culturais, o que conduciu á situación dramática actual do sector.

A rebaixa do IVE é unha medida asequible que terá efectos positivos, especialmente necesarios nunha cidade como a nosa, que se viña caracterizando por contar cunha intensa actividade de creación, produción, e de difusión cultural. Xa que logo, di que o BNG apoia a proposta de demandar do goberno do Estado a redución do IVE cultural

O señor alcalde expón que o Real Decreto obedece precisamente a unha necesidade que é reducir o déficit público no seu momento, e ademais sen menoscabar en grande medida a prestación de determinados servizos, servizos esenciais sen dúbida ningunha, pero non só os servizos culturais.

No ámbito da cultura, o IVE incrementouse ata o 21 por cento. Relata que se mantén o tipo reducido na maior parte dos produtos de servizos culturais, como: museos, arquivos, bibliotecas, centros de documentación, galerías de arte, pinacotecas. Está exento de IVE, a entrada a espectáculos promovidos por entidades de dereito público ou entidades culturais privadas. Polo tanto, cando se fala de subida do IVE hai que dicir,

en que se subiu o IVE, e tamén que se mantén o IVE superreducido para os libros de texto.

Fálase de Europa pero sen coñecemento de que tipo de IVE se aplica aos produtos culturais. Por exemplo os libros de texto que en España teñen un tipo superreducido de IVE, é dicir, o 4 por, nos países centrais da Unión Europea, como Francia ou Alemania aplícase un gravame do 7 por cento. En España grávase co tipo xeral do IVE as entradas de espectáculos, e en países do noso contorno, como Reino Unido o 20 por cento. En Francia o tipo do IVE é do 7 por cento, pero o Estado aplica unha taxa adicional, que practicamente eleva o prezo entre un 11 e un 16 por cento. Di que son datos reais. En Portugal as entradas a espectáculos deportivos, e parques temáticos tributan o 23 por cento. Outros países aínda teñen máis elevado o IVE, Dinamarca o 25 por cento, e Hungría o 27 por cento. Polo tanto, o tipo reducido ou superreducido de España non existe en Europa, onde tenden a un único tipo de IVE. A pesar de todo, di que o impacto da subida do IVE, non é a mellor solución para estimular as industrias culturais, ou ás actividades culturais.

Dende o Partido Popular, e dende logo, dende o goberno do Partido Popular, son conscientes desa necesidade de coidar a cultura. No imposto de sociedades, outro exemplo claro, recóllense unha serie de incentivos por investimentos en bens de interese cultural. Nisto esta a incidir Europa, por exemplo na edición de libros. No caso do cine en España existen dous incentivos fundamentais como son axudas de máis de cen millóns de euros ao ano para actividades exportadoras, e a cota para o produtor. Tamén hai unha Lei do mecenazgo en marcha, á que el moitas veces se referiu como unha necesidade clara, moi ligada ás actividades culturais.

Opina que se estiveron a barallar datos que son totalmente inconsistentes cando se fala do IVE na Unión Europea en servizos culturais. Por mor do exposto di que o seu voto vai ser o de abstención.

Dona Mercedes Rosón dí que cre que non mencionou Europa en ningún momento, ela está a falar de España, de Galicia e de Santiago de Compostela.

Sinte que o Partido Popular non apoie esta moción, como sí apoiou noutros parlamentos, e noutros concellos de todo o País, proposicións destas características. Moi recentemente no Parlamento das Illas Baleares aprobouse unha proposición para a rebaixa do IVE con unanimidade absoluta de todos os membros do Parlamento e de todos os grupos políticos que o compoñen. Nunha ponencia do Partido Popular a principios deste ano, o Alcalde de Valladolid, Javier León de la Riva, dixo e pediu claramente con estas verbas algo relativo ao IVE: “en nombre de todos los alcaldes de España pido que el gobierno revise a la baja todo el IVA cultural y no sólo el de las obras de arte ...”

Ao respecto cre que o 24 de xaneiro deste ano 2014, a rebaixa do IVE en obras de arte ao 10 por cento. Seguidamente volve a citar ao señor León de la Riva que tamén dixo: “y no solo en las obras de arte, porque no todo el mundo puede acceder a una obra de arte, pero sí a un concierto, a una película o a una obra de teatro”.

Todas as persoas que citou a señora Cienfuegos e tamén o Partido Popular concordan en que o IVE cultural ten que baixar. Trátase como dixo don Anxo Lourenzo dunha necesidade imperiosa.

Segundo cifras do Ministerio de Educación e Cultura, o sector cultural supón un 3,5 por cento do PIB, uns trinta e cinco mil millóns de euros anuais, máis que o da agricultura, gandería, e a pesca, 2,5 por cento, ou o das telecomunicacións 1,8 por cento. Non en vano hai 101.342 empresas cuxa actividade principal é cultural, isto o dixo moi recentemente o Diario Expansión.

Por todo isto, dado que o señor alcalde que é tamén responsable de todo o ámbito cultural da cidade de Santiago de Compostela, cre que debería ser máis sensible, e atender unha demanda dun sector que está nunha situación de precariedade importantísima en todo o país en xeral, e en Santiago de Compostela en particular.

O señor alcalde retruca que a forma de dar exemplo, en política cultural, é facendo unha boa programación e non subindo o custo das entradas. Isto é o que levan facendo, incluso baixando o prezo das entradas, e baixando os abonos. Esa é a política cultural no Auditorio de Galicia. Tamén a política de que paguen os libros quenes poden pagalos, e non a política de café para todos, é unha política social e unha política de igualdade. Dille aos membros da oposición que cando falen do IVE teñen que referirse ao IVE cultural e de servizos que hai en Europa. Di que estará atento a que agora no Parlamento Europeo, traballen por unha fiscalidade racional en Europa, porque diso depende en gran medida.

Reitera que en Europa o IVE en servizos culturais en moitos países é máis alto, e que España ten IVE reducido e superreducido en necesidades tales como: os libros de texto, ou incluso entradas en museos, bibliotecas, centros de investigación e centros públicos. Por iso apela á seriedade xa que hai IVES moito máis altos en países do noso entorno como Portugal, Francia ou Alemania, que non citaron. Ese é o motivo da súa abstención.

Pola contra entende que a clave tamén do fomento da cultura é unha Lei de mecenazgo que non ten España, e sobre ela nunca escoitou que a oposición reclamase unha lei de mecenazgo acorde coas necesidades das industrias culturais e das empresas culturais

para neste momento, poder desenvolver cultura financiando gran parte desa cultura as entidades privadas.

Sometido a votación o contido desta moción o pleno da corporación por 12 abstencións correspondentes aos membros do grupo municipal do Partido Popular e 11 votos a favor, correspondentes aos membros presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e aos do BNG, acorda instar ao goberno do Estado a fin de que cambie a proposta de modificación do tipo impositivo do IVE cultural, materializando unha rebaixa do mesmo que fixe o tipo no 4 por cento, contribuindo así ao fomento da produción das industrias culturais, o que redundará positivamente na economía do noso país.

Remata a sesión cando son as dezanove horas. Dou fe.